



DECRETO

Expediente núm.: 3477/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Solicitudes varias asuntos sociais

Asunto do Expediente: CONVOCATORIA AXUDAS DE INSERCIÓN SOCIAL E EMERXENCIA SOCIAL

Á vista dos seguintes antecedentes:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 do 01/06/2026 publicáronse as bases específicas para as axudas á inserción social e emerxencia social, aprobadas en sesión plenaria do 06/04/26 (expte. 371/2026).

As bases sinaladas encádranse na liña estratéxica núm. 4 “Axudas Sociais” das previstas no Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Nigrán (2024-2027), aprobado en sesión plenaria do 1/10/2024.

Vistos os documentos contables de retención de crédito que constan no expediente, e sendo preciso proceder á convocatoria das axudas para o ano 2026.

Visto o anterior, de conformidade co previsto no art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **proponse á Alcaldía-Presidencia a adopción da seguinte RESOLUCIÓN:**

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da concesión de axudas á inserción social e emerxencia social para o ano 2026, de conformidade coas bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 06/04/2026, co texto que se insire a continuación:

“1. OBXECTO

O Concello de Nigrán convoca o outorgamento de axudas ou subvencións co obxectivo de satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias que se atopan en situacións carenciais, así como estimular a súa incorporación social e laboral.

De conformidade coa base 7 das bases específicas ás que se refirirá no apartado seguinte, son gastos subvencionables, entre outros, os orixinados por unha serie de situacións de necesidade tales como a dificultade para continuar no uso e goce da vivenda habitual, para conservar as súas condicións de habitabilidade ou adquirir equipamento básico, electrodomésticos, etc; as necesidades urxentes para atencións primarias do beneficiario ou unidade familiar (alimentación, produtos de hixiene e limpeza, vestido, luz, gas, gasóleo...),





os tratamentos de ortodoncia, ortesis, lentes, audífonos, axudas técnicas e gastos farmacéuticos, os gastos de transporte derivados de actividades formativas, de fomento da inserción ou por asistencia a tratamentos terapéuticos, así como, con carácter xeral, outras situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñan en perigo a convivencia familiar ou a integración social dos beneficiarios.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerese pola ordenanza reguladora da concesión de axudas á inserción social e emerxencia social, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 06/10/2026 publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 102 do 01/06/2026, e texto íntegro publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado "Portal de transparencia"), a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento. ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG)

3. BENEFICIARIOS

Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social persoas individuais para si mesmas ou para a súa unidade familiar. Entenderase por unidade familiar a formada por máis dunha persoa cuxos membros, ademais de convivir no mesmo domicilio, estean unidos por relación conxugal ou análoga, adoptiva ou de consanguinidade ata segundo grao ou afinidade en primeiro grado.

Son titulares do dereito ás prestacións económicas, ata o momento e nos límites económicos que permita cada convocatoria, as persoas que reúnan os seguintes requisitos e cumpran co establecido nestas bases:

1. Ser persoa maior de idade ou menor emancipada.
2. Ser persoas empadroadas e ter residencia efectiva no Concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses ao momento da solicitude.
3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.

Non se poderá acceder a estas axudas cando non se teñan xustificado debidamente as axudas deste mesmo tipo concedidas anteriormente.

4. REQUISITOS E CÓMPUTO DE INGRESOS

Pola súa parte, o apdo. 5 "cómputo de ingresos" das mesmas bases establece que para poder beneficiarse das axudas, os ingresos económicos das unidades familiares en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos nunha táboa que se incorpora, tomando como referencia o IPREM e incrementándose nun 10% no caso de situacións unifamiliar, un 35% no caso de familias de





dous membros, un 45% en familias de 3 e 4 membros respectivamente, e nas de 5 membros en diante un 50% tamén respectivamente, segundo se reflexa na seguinte táboa, tomando como referencia os valores do IPREM para 2026:

<i>1 membro</i>	<i>660,00 €/mes</i>
<i>2 membros.....</i>	<i>870,00 €/mes</i>
<i>3 membros.....</i>	<i>1140,00 €/mes</i>
<i>4 membros.....</i>	<i>1410,00 €/mes</i>
<i>5 membros</i>	<i>1710,00 €/mes</i>
<i>6 membros.....</i>	<i>2010,00 €/mes</i>
<i>7 membros.....</i>	<i>2310,00 €/mes</i>
<i>8 membros.....</i>	<i>2610,00 €/mes</i>

Ás anteriores contías aplicarase a variación do IPREM que anualmente corresponda, segundo o establecido nas respectivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

5. ORZAMENTO

A contía da convocatoria ascende a :

- 28.000 €, para gasto corrente, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48000 do Orzamento Xeral de 2026.*
- 5.600 €, para investimento, con cargo á aplicación orzamentaria 231-78000 do Orzamento Xeral de 2026*

Este importante inclúe a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra, no relativo a gastos correntes e gastos de capital, polo importe de 9.200 €, e 4.600 €, respectivamente.

6. CONTÍA DAS AXUDAS

1. O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante.

2. Con carácter xeral poderá concederse un máximo de dúas axudas de emerxencia ao ano a cada unidade familiar. Sen prexuízo do anterior, en supostos de excepcional gravidade, a persoa concelleira delegada competente en materia de servizos sociais poderá propor incrementar o número de axudas para atender convenientemente





necesidades sobrevidas, sempre que posteriormente estea debidamente xustificado e avaliado nun informe técnico dos Servizos Sociais municipais.

3. Os importes máximos das axudas para cada un dos supostos previstos no artigo 7 son os seguintes:

— *Para os conceptos contidos no artigo 7.a: ata un máximo anual por unidade familiar que non pode superar os 1,5 veces o salario mínimo interprofesional (SMI) mensual.*

— *Para os conceptos contidos no artigo 7.b: ata un máximo anual por unidade familiar que non pode superar os 1,5 veces o SMI mensual.*

— *Para os conceptos contidos no artigo 7.c: ata un máximo anual por unidade familiar que non pode superar en unidades de 1 a 2 membros ata un máximo de 75% do SMI mensual por axuda, en unidades de 3 a 4 membros ata un máximo de 100% do SMI mensual por axuda, e en unidades de 5 ou mais membros ata un máximo de 120% do SMI mensual por axuda.*

— *Para os conceptos contidos no artigo 7.d: ata un máximo anual por unidade familiar que non pode superar o SMI mensual.*

— *Para os conceptos contidos no artigo 7.e : ata un máximo anual por unidade familiar que non pode superar o 50% do SMI mensual.*

— *No caso de situacións susceptibles de inclusión no artigo 7.e, o importe da axuda será determinada e motivada no informe técnico dos Servizos Sociais municipais, sen superar o 200% do SMI mensual.*

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN

Poderán presentarse solicitudes de axudas a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O prazo para presentar solicitudes permanecerá aberto durante o resto do ano en curso.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido no apdo. 10 das ordenanza.





Os beneficiarios das axudas deberán xustificar perante o Concello que estas foron destinadas aos fins para os que foron concedidas. A xustificación da axuda levarase a cabo nun prazo dun mes dende a data de pagamento, agás no caso das subvencións pagadas no mes de novembro, o prazo máximo de xustificación finalizará o 20 de decembro do ano en curso, mediante a achega de facturas que cumpran os requisitos, de conformidade co apdo. 14 da ordenanza.

8. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Nigrán. A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos apdos. 11 e 13 da ordenanza.

O órgano competente para a concesión das subvencións é a Alcaldía-Presidencia do Concello de Nigrán.

De conformidade co establecido no art. 25 da LXS, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento de concesión das axudas non poderá exceder de seis meses, computándose a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución que poña fin ao procedemento porá fin á vía administrativa e se notificará aos interesados de acordo co previsto no art. 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O do vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.”

SEGUNDO.- Ordenar á Intervención municipal a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicidade, de acordo co previsto no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, abrindo o correspondente prazo de presentación de solicitudes.

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para o ano 2026 de axudas á inserción social e paraemxencias sociais inserida no corpo da presente resolución, de conformidade coas bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 06/04/26.

SEGUNDO.- Ordenar á Intervención municipal a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicidade, de acordo co previsto no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, abrindo o correspondente prazo de presentación de solicitudes.





TERCEIRO.- A presente resolución pon fin á vía administrativa, e que contra a mesma poderá interpoñerse alternativamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditalarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

O alcalde,

Dou fe, o secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-1144 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AE5RGGYH4JFRJDTNEGTE6649G
Corrección: <https://nigran.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

